

Personaxes

- Narrador/a.
- Carlos IV “O cazador”
- Manuel Godoy (Valido)
- Fernando VII.
- Napoleón Bonaparte.
- Cidadáns/cidadás 1 e 2

Introdución

Narrador/a:

No século XVIII, España tiña un rei chamado Carlos IV. Pero, en lugar de gobernar, adicábase a cazar cervos todo o día...

Escena

Carlos IV: *[feliz]*

Ah, que marabilla de día para cazar! Gobernar? Iso xa o fai o meu amigo Godoy...

[Entra Godoy con aire importante e abanico.]

Godoy:

Tranquilo, Maxestade, que eu encárgome de todo. ¡Son o valido máis válido!

[Saen da escena Carlos IV e Manuel Godoy collidos polos ombros]

Narrador/a:

Mentres tanto, en Francia, Napoleón Bonaparte tiña plans... grandes plans.

[Entra Napoleón cun sombreiro e un mapa.]

Napoleón: Hmmm... Se firmo un tratado con Godoy, poderemos invadir Portugal... e de paso... ¡España tamén!

(Entra Godoy en escea ás agachadas e dá un apretón de mans a Napoleón)

Godoy: Trato feito! Por Portugal todo... ou case todo.

Narrador/a: Pero os cidadáns comezaron a sospeitar...



(Dous cidadáns falan no medio da rúa.)

Cidadá 1: Escoitaches? O exército francés non só pasan por España... ¡quedan aquí!

Cidadá 2: Isto cheira mal... Moi mal! Hai que protestar contra Godoy!

Cidadadán/á 1 e 2: *[Berrando e levantando os carteis e protesta]*

Fóra Godoy!!! Non á invasión!

Narrador/a:

A situación volveuse tan complicada que o rei Carlos IV, sen saber que facer, decidiu... abdicar.

(Entra Fernando VII con capa e coroa de papel.)

Carlos IV: *[suspirando]*

Fillo, quedas ti de rei. Eu voume... cazar perdices.

Fernando VII: *[serio]*

Grazas, pai. Agora intentarei poñer orde neste lío.

Desenlace

Narrador/a:

Así foi como Carlos IV abdicou en Fernando VII, nun momento moi complicado da historia de España... ¡e todo comezou cun tratado e cun rei cazador!

Atrezzo

- Coroa de papel ou gomaeva.
- Abanico.
- Sombreiro de napoleón (feito de papel)
- Mapa de man.
- Carteis de protesta decorados con textos tipo: “Fóra Godoy”, “Non á invasión...”, ou calquera outro eslógan que cree o alumnado.